

MOCIÓN que presenta o Grupo Municipal de **AGROMA SOBER-IGV** para a súa consideración por parte do Goberno Local do Concello de Sober en relación á **PREVENCIÓN DE INCENDIOS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes deste verán de 2025 amosou unha vez máis as consecuencias da aceleración do cambio climático e a urxencia de actuar sobre as causas estruturais e aumentar as medidas de prevención ante grandes incendios por parte de todas as administracións.

Cara o final do verán Sober non librou e sufriu un dos peores incendios coñecidos neste municipio, pasando o Cabe o venres 19 de setembro o incendio declarado en Pombeiro o xoves 18 de setembro. No momento de redactar este rogo, xa está desactivada a situación 2, declarándose estabilizado o incendio, e a superficie afectada está arredor de 2000 ha.

A tarde e noite do venres foi moi dura, cunha rapidísima progresión do lume dende a zona da Barca polo Cabe arriba, poñendo en risco vivendas e mesmo vidas. A rápida intervención do dispositivo, incluída a UME, con evacuacións de aldeas de Anllo (A Barca, Nogueira, Castinande, Hortás) foi un factor esencial para evitar as peores consecuencias dun incendio. Logo, a axuda da veciñanza a este dispositivo tamén foi quen de evitar que arderan casas nas parroquias de Anllo, Rosende e Vilaescura. Ao tempo, o Concello veciño de Ferreira de Pantón sufriu as peores consecuencias, con casas ardidadas e vidas que estiveron en risco no peor do lume.

O groso das competencias en prevención de incendios son da Xunta, pero a lexislación confire aos Concellos determinadas responsabilidades que non se están a cumprir. De feito, o Goberno de Rueda anunciou no Parlamento que volverá asumir a competencia para a ordenación e limpeza das faixas secundarias de protección contra incendios nos concellos menores de 10.000 habitantes, coma Sober.

En espera dunha lei integral de prevención de incendios, prometida dende hai máis de oito anos, e en espera das modificacións lexislativas anunciadas, aos Concellos correspóndelles:

- Colaboración cos servizos de vixiancia e extinción, mantendo actualizado un plano de delimitación dos diversos núcleos e urbanizacións, recollendo as características de proximidade ao medio forestal, vías de acceso, localización de hidrantes e puntos de auga (Real Decreto-ley 15/2022, de 1 de agosto). Isto é, un plan de prevención de incendios actualizado. O de Sober foi aprobado en 2019.

- Xestión das faixas de biomasa (perímetro dos núcleos): no momento actual, as faixas secundarias de xestión de biomasa teñen unha anchura de 50 metros arredor dos núcleos de poboación así como das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte. Tamén se crean estas franxas de protección arredor das vivendas illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

- Para a xestión da biomasa nestas faixas, o Concello debe notificar ás persoas propietarias os casos de incumprimento e pode proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración.

- Na extinción, a Administración local, en particular os municipios, participan no dispositivo coas súas brigadas de prevención e extinción, así como cos vehículos motobomba adquiridos mediante convenio coa Xunta de Galicia. Este sistema debe ser auditado, pois as brigadas municipais que supoñen un gasto medio anual de arredor de 38 millóns de euros, non logran corrixir as graves deficiencias estruturais na xestión do risco

A realidade é que o Concello de Sober, coma outros do mesmo tamaño, non executa todas as actuacións necesarias de xestión de biomasa nin mantén actualizado ao detalle o plan de prevención. Tampouco orienta os seus Orzamentos cara a recuperación de solo agrario ou a promoción de especies forestais non pirófitas.

Cómpre un gran debate social e un acordo amplo para afrontar os retos do futuro: o cambio climático acelerado pola acción humana vai seguir provocando lumes

devastadores se non se consegue descarbonizar a tempo a economía global. Asemade, o proceso de despoboamento de décadas que vivimos na nosa comarca favorece a virulencia dos lumes, co retroceso das terras agrarias, a proliferación das plantacións de piñeiros sen ordenar (herdanza das políticas franquistas) e as pistas e camiños intransitables.

Como grupo político local, e en conxunto con Interior Galego Vivo, queremos achegar unha serie de propostas ao debate para cambiar o rumbo nas políticas do Medio Rural, polo que presentamos esta serie de medidas en forma de Rogo, agardando que se teñan en consideración e se implementen. Medidas das que faremos seguimento e nas que seguiremos insistindo regularmente, entendendo que o cambio de políticas debe reflexarse xa nos vindeiros Orzamentos municipais de 2026.

É un dos meirandes retos que temos como sociedade.

Polo exposto, o Grupo Municipal de Agroma Sober formula a seguinte **MOCIÓN**:

EN MATERIA DE TRANSPARENCIA

1 - Instar á Xunta a dispor dunha APP con **monitorización dos lumes a tempo real** e a informar de todos os lumes con partes frecuentes.

2 - Transparencia municipal: **informar do grao de execución do plan de prevención de incendios e dos expedientes incoados en relación á xestión de faixas.**

3 - Elaborar e divulgar un **mapa detallado das perdas e afectacións do lume** en Sober.

4 - Instar á Xunta a facer público os **detalles da intervención do dispositivo** no lume de Pombeiro (Pantón-Sober).

5 - Solicitar á Xunta **auditoría sobre os custos e funcionamento do sistema de brigadas** municipais contra incendios.

EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

6 - Creación dunha **Comisión Municipal de Prevención de Incendios**, con reunión anual antes da tempada de lumes, con presenza das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, para colaborar no mantemento actualizado do plan municipal de prevención e do plan de protección civil.

7 - Renovación do Plan de Protección Civil municipal con elaboración dun **protocolo de actuación ante incendios forestais**, con normas e recomendacións para divulgar entre a poboación e formación veciñal para resposta ante incendios.

8 – Impulsar, xunto co resto de Concellos, un **Plan de Emerxencias da Ribeira Sacra**.

EN MATERIA DE CULTIVOS FORESTAIS

9 - Vixiar as plantacións de eucaliptos anteriores ao PXOM (2013), que prohíbe esta especie, e retirar por completo as novas (ilegais) e os rebrotes.

10 - Establecer un horizonte en 2028 (tres anos) para a **erradicación definitiva dos eucaliptos** en Sober.

11 - Fomento do cultivo da **castaña**, con impulso municipal a través de cursos de formación e apoio a proxectos.

12 - Colaborar coas Comunidades Veciñais de Montes en Man Común para a **erradicación futura das macroplantacións de piñeiros** e para o fomento de outros usos do monte.

EN MATERIA DE SANIDADE

13 - Revisión municipal, en colaboración coas parroquias, do **estado das traídas de augas e fontes parroquiais** tras os incendios en tanto que o Concello ten deber de vixilancia sanitaria.

EN MATERIA DE FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

14 - **Creación de dúas prazas de técnico/a de xestión forestal**, de carácter estable, non temporal.

15 - Vixiancia e axilidade por parte do Concello ante incumprimentos do correcto manexo das faixas secundarias de xestión de biomasa (**non cargar na veciñanza a responsabilidade municipal de vixiar os incumprimentos**).

16 - **Perimetrar todas as aldeas e ordenar as súas contornas como prioridade, mantendo as pistas e accesos en boas condicións, con cortalumes que protexan os lugares e bocas de rego identificadas.**

EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS DE EMPRESAS E DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

17 - Trasladar a ADIF a urxencia de **retirada do material de restos da obra da vía Monforte-Ourense**, así como dos desperfectos, na zona entre Areas e Santo Estevo, que constitúen un risco medioambiental.

18 - Trasladar ás empresas responsables da infraestrutura de distribución eléctrica a necesidade de mantemento dos perímetros de ditas instalacións.

EN MATERIA DE AGROGANDEIRÍA

19 - Fomentar proxectos de **explotacións de gando ovino, porcino, caprino e bóvido en extensivo**. Apoiar aos proxectos existentes e desenvolver un **rabaño municipal de cabras**.

20 - **Estabelecemento dun plano de ordenación do territorio coa recuperación dos usos agrarios como prioritarios.**

EN MATERIA DE AXUDAS

21 - Solicitar, como entidade local, as axudas do Decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 e, conforme ao artigo 12, resarcir á veciñanza os gastos derivados pola colaboración na extinción que poidan ter lugar.

22 - Solicitar declarar as zonas afectadas do Concello como **zona afectada por emerxencia de Protección Civil** a través dun Decreto da Alcaldía urxente, achegando documentación técnica, inventario de danos, estimación económica das perdas e plan de recuperación previsto.

Sober, 23 de setembro de 2025.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO-PLENO DE SOBER